

ACTA EN RELACIÓN ÁS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á ACTA DA FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS DO TRIBUNAL PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS, ADMINISTRATIVOS/AS (13/06/2025)

En Melide, a 19 de xuño de 2025, ás 09:00 horas, reúnense baixo a presidencia de Guadalupe Vázquez Ascariz os seguintes integrantes do Tribunal que se constitúe para valorar as reclamacións presentadas a acta de data 13/06/2025 de valoración dos méritos dos/as aspirantes para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a auxiliar administrativo.

Presidenta: Guadalupe Vázquez Ascariz
Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez
Vogais: Socorro Pernas García
M^a Isabel Novo López
Sylvia Cea Vázquez



A presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder á valoración das reclamacións presentadas:

- **ALMUDENA BUJÁN COLLADO** (rex. 202599900001003, de data 15/06/2025:

Logo de ver a instancia presentada por Almudena Buján Collado con DNI ***7688** na que di:

"Tras a publicación da baremación de méritos non estou conforme coa puntuación obtida xa que segundo o anuncio das bases da creación da bolsa de traballo mencionada, publicada no BOP número 86 do 8 de maio do 2025, no punto:

...8.1 da Fase de Concurso : d) Servizos prestados como posto de administrativo/a, técnico/a medio de xestión ou técnico/a de administración xeral: en empresas privadas: 0,05 puntos cada mes completo.

Segundo os datos aportados na presentación da instancia (vida laboral e contrato de traballo como administrativa), tendo unha experiencia laboral dende o 06.05.2024 ata o 27.10.2024, e atendendo as bases a puntuación que debo ter é de 0.25 puntos e non 0.10 como se estima na acta de valoración de méritos. Aporto máis de cinco meses completos de servizos prestados como administrativa.

SOLICITO:

A rectificación dos meus méritos, pasando de 0.10 puntos a 0.25, na fase de Concurso do proceso selectivo."

Revisada de novo a documentación por parte do Tribunal obsérvase no informe de vida laboral achegado pola interesada, efectivamente traballou como administrativa na empresa Coruña Consultores dende o 06/05/2024 ao 26/10/2024 **con unha xornada do 50%** o que resultan 87 días sendo 2 meses completos que multiplicados por 0,05 por ser unha empresa do ámbito privado da un total de 0,10 puntos, tal e como aparece valorada na acta.

- **MIGUEL ÁNGEL MATEOS CARREIRA** (rex 2582, de data 16/06/2025)

Logo de ver a reclamación presentada por Miguel Ángel Mateos Carreira con DNI ***1720**, na que di:

"(...) Mais tamén sendo literais como parece que foron con respecto o que poñen as bases, teño que facer constar que no punto 8.1 d) tamén se ten que recoñecer a Experiencia Profesional dentro da empresa privada cunha puntuación de 0.05 puntos por mes. Polo que mirando a literalidade debería de ter a lo menos na Experiencia Profesional 0,15 puntos dado que tal e como se pode ver no contrato aportado de Autos María del Mar SL Fealicei na empresa labores de Administrativo (que é o que literalmente piden nas bases) durante 3 meses tal e como se pode ver na Vida Laboral tamén entre o 13/01/2006 e o 12/04/2006. Son TRES MESES de traballo administrativo no privado.

Polo tanto presento esta reclamación para que se faga ese cambio no baremo na sección de EXPERIENCIA PROFESIONAL por parte do Tribunal ou por aquela persoa a que n competa dita labor."

Revisada de novo a documentación por parte do Tribunal obsérvase que no contrato de traballo ao que fai referencia o Sr. Mateos coa empresa Autos María del Mar SL, prestou os seus servizos como administrativo, **incluído no grupo profesional/categoría/nivel (4) 07/AUXILIAR**, polo que, e segundo as bases do procedemento, **non é valorable**.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros do Tribunal ás 09:00 h, do que eu, SECRETARIO, certifico.

Melide, 19 de xuño de 2025

O Tribunal

